



Comezo do curso

Estimados pais,

Benvidos a *Quick Minds*!

Quick Minds é un curso de inglés de seis niveis para os seis anos de Primaria. Dá continuidade ao inglés aprendido en Educación Infantil e desenvólvese seguindo o currículo do ensino da lingua inglesa nos colexios españois de Primaria.

Este ano o voso fillo aprenderá inglés con *Quick Minds 1*. *Quick Minds 1* comeza no colexio, onde os nenos coñecen a catro *Super Friends*, ('Super Amigos') con superpoderes. Trátase de Whisper, que pode falar cos animais; Thunder, que é moi forte; Misty, que pode facerse invisible e Flash, que corre moi rápido.

Ao mesmo tempo que gozan coas **historias animadas**, os nenos familiarizaranse con distintos temas e aprenderán **gramática** e **vocabulario** útiles, e unha chea de cancións **divertidas**.

Invitámosvos a participar da experiencia do voso fillo na aprendizaxe do inglés en casa. Podedes facelo coas actividades interactivas online de *Quick Minds*, ás que accederedes en www.quickmindsapps.es. Trátase de divertidos **xogos interactivos de vocabulario e gramática** aos que podedes xogar en familia. As **cancións** e as **historias** tamén están dispoñibles online. Podedes cantar as cancións, ver e escoitar as historias en calquera momento que queirades.

Esperamos que gocedes do inglés de *Quick Minds* tanto como o fará o voso fillo!





Unidade Welcome Friends

Estimados pais,

Na Unidade de benvida ao curso (*Welcome Unit*), *Friends*, o voso fillo aprenderá frases clave para **saudar** e coñecerá a todos os compañeiros da clase. Tamén aprenderá os **números do un ao dez** e as **cores**. Pode practicar o que aprendeu cos **xogos interactivos de vocabulario e gramática online**.

Pedídlle ao voso fillo que vos cante a **canción** das cores e dos números; tamén podedes escoitar a canción e a versión **karaoke** online. Nesta Unidade, o voso fillo coñecerá aos catro *Super Friends*, pedídlle que vos fale destes amigos. Como se chaman? Que cousas poden facer? Non esquezades ver xuntos a **historia animada**.

Ademais animámosvos a vós e ao voso fillo a **xogar aos xogos interactivos de vocabulario e gramática** online para esta Unidade.

Esperamos que o pasedes ben!





Unidade **1** At school

Estimados pais,

Na Unidade 1, *At school*, o voso fillo aprenderá vocabulario de **material escolar** e repasará as **cores**. Pediráselle que identifique obxectos da aula e aprenderá frases básicas que se usan na clase, como 'sit down', e 'open your books, please'. Non esquezades empregar os **xogos interactivos de vocabulario e gramática** online!

O voso fillo aprenderá a **canción** sobre obxectos de clase; pedídlle que vola cante. Facédelle preguntas usando o vocabulario da Unidade: *What's this? Is it a ruler? Is it a pen?*

Preguntádelle ao voso fillo qué esquece Flash en casa. Podedes ver xuntos a **historia animada** online e falade de qué superpoder lle gustaría ter ao voso fillo.

Para rematar, o voso fillo aprenderá sobre as **cores primarias e secundarias**. Pedídlle que vos ensine o seu debuxo. Falade das vosas cores favoritas.

Esperamos que gocedes desta Unidade!





Unidade **2** Let's play!

Estimados pais,

Na Unidade 2, *Let's play!*, o voso fillo aprenderá o vocabulario dalgúns **xoguetes**, **saúdos**, e algunhas **palabras descritivas**. Falará de cal é o seu xoguete favorito e preguntarlle aos seus amigos cales son os seus. Hai **xogos interactivos de vocabulario e gramática** online aos que podedes xogar xuntos para axudalo a aprender as palabras.

Animade ao voso fillo a cantar a **canción** dos xoguetes. Cantádea xuntos coa versión **karaoke** e pasádeo xenial!

Nesta Unidade, os *Super Friends* ven a Misty nunha carreira de karts. Podedes ver xuntos a **historia animada** e falade da importancia de xogar limpo.

Para rematar, na lección de **Creatividade**, o voso fillo escoitará unha visualización guiada e imaxinará un xoguete fantástico. Pedídlle que volo ensine e vos diga de que cor é.

Esperamos que vos divirtades!





Unidade **3** Pet show

Estimados pais,

Na Unidade 3, *Pet show*, o voso fillo aprenderá o vocabulario dalgúns **animais** e a formar o **plural dos substantivos**. Tamén aprenderá a empregar **preposicións** sinxelas como *in* e *under*. Non esquezades xogar xuntos aos **xogos interactivos de vocabulario e gramática** online!

Preguntádelle ao voso fillo cal é o seu animal favorito. Falade dos animais favoritos da vosa familia. Animade ao voso fillo á que vos cante a **canción** dos animais.

Na **historia animada** desta Unidade, Whisper leva unha araña á feira de mascotas. Preguntádelle ao voso fillo se aos outros *Super Friends* lles gusta a araña. Non esquezades ver xuntos a historia animada!

Para rematar, o voso fillo aprenderá sobre a **camuflaxe** e coloreará un debuxo para esconder unha lagarta. Pedídelle que vos ensine o seu debuxo e vos diga outros animais que se camuflan.

Esperamos que o pasedes ben!





Unidade **4** Lunchtime

Estimados pais,

Na Unidade 4, *Lunchtime*, o voso fillo aprenderá o vocabulario dalgúns **alimentos** e a falar das cousas que posúe. Na clase xogará cun xogo con adhesivos no que elixirá a súa propia comida. Usade xuntos os **xogos interactivos de vocabulario e gramática** online para que aprenda as palabras.

Animade ao voso fillo a cantar a **canción**, *Tommy's in the kitchen*. Preguntádelle cal é a súa comida favorita, e que alimentos non lle gustan. Cantade xuntos!

Podedes ver xuntos a **historia animada**, *The Pizza*, online. Falade sobre por que é importante esperar a nosa quenda.

Finalmente, para a lección de **Creatividade**, ou voso fillo escoitará unha visualización guiada e imaxinará que é un monstro ao que lle gusta comer sándwichs recheos de xoguetes. Despois fará un debuxo. Pedídelle ao voso fillo que vos ensine o seu debuxo e vos fale dos xoguetes que puxo no sándwich.

Esperamos que o pasedes ben!





Unidade **5** Family

Estimados pais,

Na Unidade 5, Family, o voso fillo aprenderá vocabulario da **familia** e do **clima**. Preguntará aos compañeiros polas súas familias e falaralles da súa. Non esquezades empregar os **xogos interactivos de vocabulario e gramática** online para repasar esta Unidade.

Escoitade a **canción**, *Mum's the queen*, online. Cantádea e bailade xuntos!

Preguntádelle ao voso fillo acerca do día de *Thunder*. Que fai? Que cousas rompe? Agora podedes ver xuntos a **historia animada** online.

Para rematar, o voso fillo aprenderá sobre o **clima** e os nomes dalgúns países. Preguntádelle cal é o tempo atmosférico que máis lle gusta. Que lle gusta facer cando fai o seu tempo favorito?

Esperamos que gocedes desta Unidade!





Unidade **6** Get dressed!

Estimados pais,

Na Unidade 6, *Get dressed!*, o voso fillo aprenderá o vocabulario da **roupa** e repasará as **cores**. Falará das pezas que lle gustan e do que leva posto. Preguntádelle cales son as súas pezas favoritas. De que cor son? Non esquezades xogar xuntos aos **xogos interactivos de vocabulario e gramática** online.

Animade ao voso fillo a cantar a **canción**, *Cool Cats*, ou cantádea xuntos coa versión **karaoke!**

Pedídlle que vos diga o que acontece na **historia animada**, *The Cap*. Logo, védea xuntos online e falade da importancia de pedir desculpas.

Finalmente, para a lección de **Creatividade**, o voso fillo escoitará unha visualización guiada e imaxinará que leva roupa nova. Despois fará un debuxo. Pedídlle que volo ensine e vos fale da roupa que leva.

Esperamos que vos divirtades!





Unidade **7** The robot

Estimados pais,

Na Unidade 7, *The robot*, o voso fillo aprenderá o vocabulario das **partes do corpo** e algúns verbos de **movemento**. Pedídlle que vos diga as partes do corpo que aprendeu. Podedes empregar os **xogos interactivos de vocabulario e gramática** online se queredes repasar.

Preguntádlle ao voso fillo que cousas pode facer. Pódese tocar os dedos dos pés? Pódese manter sobre unha perna? Animade ao voso fillo á cantar a **canción** desta Unidade e empregade tamén a versión **karaoke**!

Vede xuntos a **historia animada**, *The Problem*. Preguntádlle que cousas non pode facer o robot.

Para rematar, o voso fillo aprenderá sobre o **esqueleto**. Aprenderá que o esqueleto humano é distinto do dun animal, e contará os ósos que ten nos brazos e nos dedos. Pedídlle que vos ensine o seu debuxo dun esqueleto.

Esperamos que gocedes desta Unidade!





Unidade **8** At the beach

Estimados pais,

Na Unidade 8, *At the beach*, o voso fillo aprenderá o vocabulario dalgunhas **actividades de vacacións** e a facer **suxestións**. Usade os **xogos interactivos de vocabulario e gramática** online para repasar as leccións desta Unidade.

Animade ao voso fillo a cantar a **canción**, *Happy Holiday*. Preguntádelle onde lle gusta ir de vacacións. Que lle gusta facer alí? Non esquezades empregar tamén a versión **karaoke** da canción!

Preguntádelle a ou voso fillo que pasa na **historia** dos *Super Friends* desta Unidade. Por que Flash non pode chegar ao alto do outeiro? Quen move a roca? Podedes ver xuntos a **historia animada** online.

Finalmente, para a lección de **Creatividade**, o voso fillo escoitará unha visualización guiada e imaxinarase unha praia e logo debuxaraa. Pedídelle que vos ensine o seu debuxo e que o describa en inglés.

Esperamos que o pasedes ben!





Fin de curso

Estimados pais,

Esperamos que este ano gozásedes do inglés con *Quick Minds 1* na casa xunto ao voso fillo. Esperamos que vos divertísedes facendo os **xogos interactivos online**, falando das **historias**, escoitando e cantando as **canciós**.

Recordade que sempre podedes volver xogar aos xogos interactivos online que máis vos gustaron, ver de novo as historias animadas e cantar outra vez as vosas canciós favoritas.

Para rematar, aos *Super Friends*: Misty, Whisper, Thunder e Flash, gustaríalles despedirse de vós e desexarvos: Felices vacacións este verán!

